

O Ano Europeo das Competencias: un novo pulo ós obxectivos sociais da UE

Data	27 de setembro de 2023
Lugar	En liña
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none">▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes▪ Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade▪ Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades▪ Consellería de Facenda e Administración Pública▪ Consellería de Sanidade
Relator	<ul style="list-style-type: none">▪ Marta Camiñas Mora, asesora de políticas na Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea

INTRODUCCIÓN

O director xeneral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller inauguro a sexta sesión do ano do ciclo de encontros virtuais “FGE | NextGeneratiOn Galicia”, no que se abordou o Ano Europeo das Competencias. A reunión foi moderada pola directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos Barbosa.

O director xeral remarcou a importancia de fomentar a aprendizaxe permanente e a capacitación a nivel europeo, posto que **máis das tres cuartas partes das empresas europeas afirman ter dificultades para encontrar traballadores coas competencias necesarias e só o 37% do adultos recibe formación de maneira periódica**. Jesús Gamallo resaltou, ademais, como o Ano Europeo das Competencias desexa impulsar algúns dos obxectivos sociais da UE, tal que **conseguir que polo menos o 60% dos adultos participe en actividades de formación cada ano e que polo menos o 78% teña traballo ou que o 80% dos adultos conte con capacidades dixitais básicas**.

Para indagar nas prioridades do Ano Europeo das Competencias, a sesión contou coa intervención de Marta Camiñas Mora, asesora de políticas na Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea. Tras o seu relatorio, e co ánimo de abordar a perspectiva galega, interveu tamén Zeltia Lado Lago, a directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación, quen presentou a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, inspirada na Axenda Europea das Capacidades. Cabe sinalar que a aprobación desta iniciativa no 2022 converteu a Galicia na segunda rexión europea en ter unha estratexia específica no eido da capacitación laboral.

RESUMO DA REUNIÓN

1. Introducción: o Ano Europeo das Competencias

Os Anos Europeos son iniciativas que se celebran dende fai 40 anos. O primeiro Ano Europeo tivo lugar en 1983 e centrouse nas pemes e no artesanado. A pesar do que o seu nome poida parecer indicar, non se celebran necesariamente cada ano. O seu propósito é destacar un tema de relevancia para todos os Estados membros e sensibilizar á sociedade ó respecto, mediante a organización de eventos e proxectos que fomenten o debate e o progreso nese ámbito.

A presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, anuncio o **Ano Europeo das Competencias** durante o seu discurso sobre o estado da Unión (SOTEU) de 2022, no que resaltou a necesidade de investir en educación profesional e mellora de competencias, colaborar máis estreitamente coas empresas e atraer talento a Europa. Neste ámbito, **a UE fai fronte a tres desafíos principais: a falta de persoal cualificado, o envellecemento demográfico (particularmente relevante en lugares como Galicia), e a necesidade de adaptarse a un mercado laboral cambiante, mesmo en tempos de crise económica.**

O Ano Europeo das Competencias foi **lanzado oficialmente o 9 de maio de 2023 e finalizará o 8 de maio de 2024.**

2. Política de competencias da UE e a Axenda de Capacidades Europea

A base da política de competencias da UE é o **piar europeo de dereitos sociais, proclamado de maneira conxunta polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión durante o Cumio de Gotemburgo**, celebrado en 2017. Este piar, que se considera a carta magna en cuestións de emprego, competencias e asuntos sociais, divídese en tres áreas temáticas: emprego, formación e inclusión social, e abarca 20 principios clave. Os **obxectivos para o período 2021-2030** inclúen aumentar a participación de adultos en actividades de formación ó 60%, lograr que o 78% da poboación entre 20 e 64 anos teña emprego e reducir en 15 millóns o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social.

En canto ós instrumentos de financiamento desta política, destacan o Fondo Social Europeo (FSE), que asigna cinco millóns de euros a educación e formación, e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). Ademais, programas como Europa Dixital, Erasmus+ e InvestEU apoian o investimento en competencias, incluíndo unha achega significativa a nivel rexional.

Cabe mencionar que dentro da UE xéranse unha variedade de informes e análises neste ámbito destinados a dar información valiosa tanto a nivel nacional como rexional. Por exemplo, o **Monitor da Educación e da Formación** presenta a análise anual da Comisión Europea sobre a evolución dos sistemas de educación e formación no conxunto da UE.

Pola súa parte, a Axenda de Capacidades Europea é unha ferramenta esencial para lograr os obxectivos da política de competencias da UE. Correspóndese cun plan de acción de cinco anos centrado na capacitación, para o que, entre outros, é preciso reforzar a información estratéxica sobre competencias, así como desenvolver estratexias nacionais en materia de servizos públicos de emprego e recomendacións sobre a formación profesional ou competencias para apoiar a transición verde e dixital. A Axenda tamén avoga por un marco que incentive os investimentos privados e dos Estados membro, ademais de promover a colaboración a través dun **pacto polas capacidades** que inclúe unha serie de asociacións europeas, baseadas na experiencia e nos resultados obtidos durante as estratexias predecesoras (*blueprints*)

3. Campañas de sensibilización

Levaranse a cabo diferentes actos para concienciar sobre a importancia das competencias e fomentarse o uso de ferramentas e instrumentos para aumentar a transparencia e facilitar o recoñecemento das cualificacións. Ata o de agora planificáronse 1093 eventos (846 xa finalizados), na súa maioría en Bélxica, Italia, España, Alemaña e Francia. Entre os temas máis abordados nos eventos nacionais atópase o investimento en competencias.

Como parte desta iniciativa, en Galicia xa se celebraron catro eventos en Vigo, Marín, A Coruña e Ferrol. Tamén se programaron outras actuacións, como a **emisión dun vídeo** de Galicia no Festival "Ano Europeo das Competencias" que tivo lugar o 9 de maio de 2023.

A AXENDA GALEGA DE CAPACIDADES PARA O EMPREGO

1. Axenda Galega de Capacidades: contexto e obxectivos

A Axenda Galega das Capacidades para o Emprego configúrase como a resposta galega á proposta europea en materia de política social, destinada a facer fronte á transición verde, e dixital desde un enfoque novo e dinámico. Trátase dun **marco de cooperación público-privada sobre o que se constrúe a mellora da capacitación para o emprego en Galicia a través de catro grandes obxectivos:**

1. **Mellorar a empregabilidade da cidadanía**, con especial énfase nos colectivos con problemáticas socioeconómicas específicas (como mulleres, desempregados de longa duración ou a mocidade), reducindo as cifras de desemprego e mellorando a calidade do traballo.
2. **Mellorar a competitividade e a resiliencia do tecido empresarial** galego, sobre todo das pemes, ó acadar que poidan acceder a máis e mellor capital humano coa capacitación adecuada.
3. **Mellorar a retención do talento galego e atraer talento externo** para impulsar unha maior produtividade das empresas galegas.
4. **Mellorar a eficiencia do emparellamento entre demanda e oferta de emprego**, abordando a falta de eficiencia á hora de cubrir vacantes.

1. 1. EMI

No marco da Axenda Galega das Capacidades para o Emprego estase a desenvolver **EMi**, a nova ferramenta do Servizo Público de Emprego de Galicia, que utiliza **analítica avanzada de datos e intelixencia artificial para proporcionar unha orientación de alta calidade ás persoas que buscan emprego.**

EMi é aínda un piloto nas oficinas de emprego de Galicia e a súa funcionalidade actual recolle:

- Un perfilado competencial do demandante de emprego, establecido en base á súa experiencia laboral.
- Un simulador de ocupacións que ofrece recomendacións de ocupacións alternativas próximas ó perfil competencial do demandante.
- Información sobre o estado do mercado laboral por áreas xeográficas a distintos niveis, tanto nas ocupacións obxectivo como nas ocupacións alternativas recomendadas.

1. 2. Análise do Catálogo de Especialidades Formativas

No ano 2021, grazas ó traballo conxunto con empresas, agrupacións industriais e axentes sociais, levouse a cabo a análise do **Catálogo de Especialidades Formativas**, que comprende máis de 4 000 especialidades e rexe a oferta formativa para o emprego en España. O resultado foi un maior coñecemento das necesidades reais de capacitación dos sectores produtivos, detectando máis de 600 competencias distintas nas que é necesario poñer foco e das cales ó redor de 200, altamente específicas, requiren novos instrumentos máis flexibles para ser cubertas.

1. 3. Microformacións mediante firma de convenios

No período 2022-2023, seguindo a senda de unir capacidades públicas e privadas, co-deseñáronse accións de cualificación e recualificación da poboación activa, aproveitando o coñecemento e a capacidade formadora de axentes como as agrupacións industriais, as asociacións ou as fundacións. Trátase de microformacións deseñadas polas propias empresas, para persoas traballadoras ocupadas e desempregadas, de carácter non formal e vinculadas ó **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais**

Grazas á firma de diferentes convenios de colaboración coas agrupacións industriais e entidades representativas dos principais sectores estratéxicos, en 2022 desenroláronse 816 accións formativas nas que participaron 12 405 alumnos. En foron 768 as accións formativas levadas a cabo, sendo 15 197 os alumnos que participaron.

1. 4. “Bonos Talento Empresa”

Os **“Bonos Talento Empresa”** financian accións formativas que atenden ás necesidades das pequenas empresas, impulsando o desenvolvemento profesional dos seus empregados.

Estes bonos, cofinanciados pola UE no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, deséñanse para cubrir formación formal mediante a realización de proxectos formativos de curta duración que teñan como obxectivo mellorar as capacidades das empresas e contribuír ó desenvolvemento profesional dos seus persoais.

LIGAZÓNS DE INTERESE

- **COMUNICACIÓN** da Comisión Europea. *Axenda das Capacidades Europea para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.*
- **DECISIÓN** 2023/936 do Parlamento Europeo e do Consello de 10 de maio de 2023 relativa ó Ano Europeo das Competencias.
- **NOTICIA FGE** – *Posta en marcha do novo Pacto Europeo das Capacidades.*
- **NOTICIA FGE** – *A Comisión presenta a Axenda de Capacidades Europea para a competitividade sustentable, a equidade social e a resiliencia.*
- **NOTICIA FGE** - *Galicia súmase ás iniciativas da UE para celebrar o Ano Europeo das Competencias.*
- **NOTICIA FGE**- *A Comisión pide un impulso masivo para promover a educación dixital e a oferta de capacidades dixitais.*
- **NOTICIA FGE**- *A Xunta presenta os obxectivos e resultados da Axenda Galega de Capacidades ás rexións e municipios de Europa.*
- **NOTICIA FGE** - *A Xunta e a Comisión Europea debaten sobre o fomento da aprendizaxe permanente e a capacitación profesional.*